

## ABSOLUTISMO, LIBERALISMO E NACIONALISMO: FUNDAMENTOS TEÓRICOS.

### 1.- O ABSOLUTISMO MONÁRQUICO.

Foi o sistema dominante en Europa entre os séculos XVI e XVIII. A soberanía pertence ó rei, cun **poder absoluto sen limitacións xa que é de orixe divino. O monarca absoluto elabora e promulga as leis, goberna e actúa como señor e propietario do reino** (aínda que moitos territorios manteñen os seus privilexios e a nobreza e o clero seguen detentando o poder xurisdiccional nos seus dominios).

Na segunda metade do século XVIII, os ilustrados defenderon o reforzamento do poder absoluto como un medio para **mellorar a riqueza do Estado e a felicidade e benestar dos seus habitantes impulsando as reformas necesarias** para conseguir eses obxectivos, é o que se coñece como **Despotismo Ilustrado**.

O Despotismo Ilustrado estendeuse por toda Europa destacando Carlos III de España, Federico II de Prusia, Xose II de Austria, Catarina II de Rusia e Xose I de Portugal.

### 2.- O PARLAMENTARISMO INGLÉS.

En Inglaterra no XVII houbo **tensións entre as tendencias absolutistas dos reis Estuardo e o Parlamento**, chegando a un enfrontamento entre o rei Carlos I e a burguesía urbana e a nobreza **que rematou nunha guerra civil (1642-48), con victoria dos partidarios do Parlamento** dirixidos por Cromwell que **proclamaron a República e ordenaron a execución do rei**.

Tras a morte de Cronwell (1658), volveu a Monarquía pero contando co Parlamento, ata que ante os novos abusos do reis os parlamentarios volveron a rebelarse contra o rei que tivo que fuxir, **creándose unha nova dinastía real que respetou ó Parlamento e limitaba os poderes do rei: é a Monarquía Parlamentaria de Guillermo de Oranxe**.

### 3.- O LIBERALISMO.

#### Orixes: os pensadores ilustrados.

O liberalismo surxe como unha ideoloxía que defende a **liberdade, os dereitos individuais do home, a igualdade ante a lei, a soberanía nacional e a limitación de poderes**.

É unha **ideoloxía oposta o sistema do Antigo Réxime** e os seus orixes poden remontarse ó século XVII, nas revolucións inglesas que impuxeron o poder do Parlamento pero consolidábase **coas revolucións americana e francesa de finais do XVIII** e as revolucións europeas da primeira metade do XIX, baseadas no pensamento ilustrado.

No XVIII, **os pensadores ilustrados defenderon** fronte a soberanía real absoluta, o poder dos señores feudais e o mantemento dos privilexios da nobreza e do clero, **a limitación do poder, os dereitos dos cidadáns, a igualdade ante a lei, a propiedade privada e a liberdade económica**.

### John Locke.

Contemporáneo dos cambios da revolución de 1688, **Locke critica nas súas obras o absolutismo, defendendo o control do Parlamento sobre a actuación dos monarcas** e afirmou que **o poder político residía nun pacto ou acordo entre o gobernante e os gobernados**, polo que o gobernante debe protexer os dereitos dos cidadáns e someterse as leis.

**Defende a propiedade como un dereito natural** que garante a liberdade e felicidade dos individuos e a separación de poderes, aparecendo como un precursor do liberalismo.

### Montesquieu.

Na súa principal obra **“O espírito das leis”**, 1748, o barón de Montesquieu, defendeu a idea de que **o poder debe estar repartido e limitado**, distinguindo tres poderes: **o legislativo, o executivo e o xudicial**, entre os que debe haber un mutuo equilibrio e control.

### Jean Jacques Rousseau.

No **“Contrato social”**, 1762, Rousseau defende que **a orixe do poder político reside nun pacto ou contrato social realizado entre todos os individuos dunha comunidade**, polo cal cada cidadán ten dereito a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes. **As leis son a expresión da vontade xeral (soberanía nacional)** e o goberno un mero intermediario entre o pobo e os seus representantes.

Rousseau está considerado como o principal impulsor da **democracia moderna**.

### Adam Smith.

Defendeu a liberdade económica do individuo, **considerando a propiedade individual e a lei da oferta e a demanda como a base da riqueza dos individuos e da nación**. O Estado non debe intervir na economía.

Adam Smith, David Ricardo e Thomas Malthus, son os tres grandes teóricos do **liberalismo económico ou capitalismo**.

### A Ideoloxía liberal: principios fundamentais.

- **Liberdades e dereitos individuais:** o individuo posúe *dereitos naturais inalienables, como son a liberdade* (expresión, pensamento, culto, reunión, asociación, residencia, empresa), *a propiedade* (distinción social) e *a igualdade ante a lei*.
- **Igualdade Xurídica:** todos os cidadáns son iguais ante a lei, aínda que na práctica distínguese entre *dereitos civís*, para todos os cidadáns varóns (liberdades básicas) e *dereitos políticos* (voto e participación política), só para certos cidadáns (grupos posuidores).
- **Soberanía nacional e soberanía popular:** parte da idea da *soberanía colectiva*, ben representada polo *Parlamento* (nacional), ou por *todos os cidadáns* (popular).
- **Dereito de voto ou sufraxio:** os partidarios da soberanía nacional defenden *o sufraxio censatario ou restrinxido* (só varóns de certa riqueza), os da soberanía popular defenden *o sufraxio universal* (todos os cidadáns maiores de idade).

No XIX, triunfou en Europa o sufraxio censatario e a finais do XIX e principios do XX, ampliouse o sufraxio a todos os varóns e logo as mulleres.

- **División ou separación de poderes:** cada poder desempeñado por un organismo ou institución diferente; *poder legislativo polo Parlamento* (unicameral ou bicameral), *poder executivo polo Goberno* (rei ou presidente e ministros) e *poder xudicial polos Tribunais de Xustiza*.
- **Dous tipos de liberalismo:** amboledous como *expresión da hexemonía burguesa* no século XIX, distinguindo entre *o liberalismo doctrinario ou moderado* da alta burguesía (soberanía nacional e sufraxio restrinxido) e *o liberalismo progresista ou democrático* das clases medias e da pequena burguesía (soberanía popular e sufraxio universal).
- **Existencia de Constitucións escritas:** onde están recollidas as *liberdades, os dereitos e os poderes do Estado* a modo de lei suprema ou Carta Magna.

#### 4.- O NACIONALISMO.

O concepto de nación é moi antigo e responde a idea de **pobo ou comunidade cunha identidade ou vínculo común**, pero atopamos dentro del varias interpretacións:

- **Interpretación liberal.**- Nación como o **conxunto de cidadáns libres e iguais que viven nun territorio baixo unha lei común e representados por un goberno elixido por eles**. As diferencias culturais, lingüísticas e étnicas que hai na poboación non son un impedimento para constituir un **Estado-nación baseado na idea de soberanía nacional** formada pola libre vontade de todo o pobo. O seu orixe está nas revolucións do XVIII e o XIX contra o absolutismo do Antigo Réxime.
- **Interpretación orgánico-historicista.**- Nación como **comunidade definida por unha cultura, lingua, historia e costumes propios e distintos ós demais** (carácter excluínte), resultado da identidade (alma, espírito) dun pobo. O seu orixe está nos pensadores alemáns de comezos do XIX, como reacción ante o intento do Imperio napoleónico de anexión dos territorios alemán.
- **Interpretación marxista.**- Oposición ó concepto de división nacional xa que o consideran clasista e burgués, defendendo o internacionalismo obreiro e a sociedade comunista na que as nacións desaparecerían.
- **Interpretación de síntese das dúas correntes.**- Os políticos italianos dicen que para existir a nación **ademáis da identidade** (lingua, costumes, cultura e raza), debe haber unha **conciencia ou desexo dos individuos que a forman de querer vivir xuntos**.

#### Os movementos nacionalistas.

Hai dous tipos de nacionalismo: un nacionalismo de separación ou independentista (centrifugo), onde as **nacións que están dentro dun Estado ou Imperio queren separarse del**, e un nacionalismo de unificación (centrípeto), onde **os diferentes estados ou territorios separados entre sí queren unirse xa que teñen vínculos comúns**.

Desde un punto de vista ideolóxico, os nacionalismos poden ser de signo moi diferente: fascistas, autoritarios, conservadores, demócratas, liberáís.

## **AS REVOLUCIÓN LIBERAIS (1776-1814).**

As chamadas revolucións liberais ou burguesas de finais do XVIII e principios do XIX, supuxeron violentos procesos de cambio nas sociedades europeas e americanas, destacando tres focos revolucionarios: a revolución americana (1776-89), a revolución francesa (1789-99) e a revolución española e das colonias americanas (1808-14/24).

### **1.- A REVOLUCIÓN AMERICANA E A INDEPENDENCIA DOS EEUU**

En 1776 as trece colonias inglesas de América do Norte enfrontadas coa súa metrópole por **cuestións comerciais e fiscais** (taxas sobre o té e o algodón), **proclaman a súa independencia con Gran Bretaña**, iniciando unha guerra contra os británicos e **convertíndose en Estados con gobernos propios baseados nas declaracións de dereitos e na soberanía nacional**.

O 4 de Xullo de 1776, os 13 Estados firman a Declaración de Independencia en Filadelfia, creando os EEUU de América, cun Goberno e Congreso Confederal, creado en 1781, que será a capital do futuro Estado. En 1783, remata a guerra e Gran Bretaña recoñece a independencia do novo Estado.

**En 1787 elabórase unha Constitución** (a 1ª do mundo baseada nas ideas liberáis da Ilustración), creándose **unha República federal na que cada Estado conserva parte da súa soberanía pero cedendo competencias** (guerra, moeda, asuntos exteriores) **a un Estado Central** dirixido por un presidente, con capital en Washington.

### **2.- A REVOLUCIÓN FRANCESA.**

A revolución francesa está considerada como o **modelo de revolución liberal que supuxo unha violenta ruptura coa vella orde do Antigo Réxime**, instituíndo un novo concepto de Estado baseado na **soberanía popular e nos dereitos do home** (liberdade, igualdade e propiedade), e dando lugar a importantes cambios sociais como a **conquista do poder pola burguesía e a aparición dunha sociedade máis aberta e dinámica** na que os privilexios do nacemento (sociedade estamental) deixan paso **ó mérito e ó esforzo persoal como garantía de riqueza e de ascenso social**.

#### **Causas da Revolución.**

- **Descontento da burguesía:** ten riquezas pero non privilexios (debe pagar impostos, non ten cargos públicos nin prestixio social), *quere participar no poder político e acabar cos privilexios da aristocracia* (ten moitas riquezas e cargos públicos e non paga impostos).
- **Difusión das ideas ilustradas:** que se estenderon nos *círculos intelectuais burgueses* (artigos, tertulias, enciclopedias...), por toda Francia.
- **Crise de subsistencias:** provocada polas *malas colleitas de 1787-89*, que provocaron a *escaseza de pan e a subida do seu prezo* coa conseguinte fame das clases humildes (campesiños e obreiros de París), incitando a éstas ás protestas e a rebelión (pax.64).
- **A bancarrota do Estado:** debido ós *excesivos gastos da Corte* (guerras, festas, vida de luxos) e *a falta de ingresos* (nobreza e clero non pagan impostos). Convocatoria dos Estados Xerais por parte do rei.

### Os inicios da Revolución.

O rei de Francia para solucionar a bancarrota intenta que a nobreza pague impostos, pero como ésta se nega ten que convocar ós Estados Xerais , que representaban a todos os estamentos sociais (nobreza, clero e terceiro estado) e que non se reunían desde 1614.

Os diferentes grupos elaboraron as súas peticións, e a primeira discusión surxiu **pola forma de voto, se por individuo** (esixida polo Terceiro Estado) **ou por estamento** (como se facía sempre o que favorecía a nobreza e ó clero). Ante a falta de acordo os representantes do Terceiro Estado, abandonan os Estados Xerais e crean a Asemblea Nacional, auténtico goberno para eles da nación ata a creación dunha Constitución.

O 14 de xullo os habitantes de París ante a escaseza de alimentos asaltan a Bastilla, prisión real e símbolo do absolutismo e fanse co control da cidade, apoiando a Asemblea Nacional. Esta data simbólica considérase como a do inicio da revolución.

A Asemblea Nacional comeza a gobernar Francia co apoio das masas populares e nas zonas rurais inicianse os asaltos ás casas e propiedades da nobreza e ós conventos da igrexa.

### A Monarquía Constitucional (1789-92).

A Asemblea Nacional inicia a elaboración dunha **lexislación para abolir o réxime feudal**, ademáis dunha **Declaración dos dereitos do home e do cidadán**, onde se recollen os principios liberais: **soberanía nacional, liberdade individual, igualdade ante a lei e dereito a propiedade**.

**En 1791 aprobose a 1ª Constitución francesa.** A nova forma de goberno era a **Monarquía Constitucional, con separación de poderes e participación dos cidadáns. O rei mantiña o poder executivo** xunto ós ministros e quedaban garantidos os dereitos individuais, aínda que **restrinxindo o voto ós cidadáns cun nivel de renda alto** (sufraxio censatario). Aprobáronse medidas contra a Igrexa (**expropiación de terras, abolición dos conventos**) e a favor da burguesía (**liberdade de comercio e industria e a supresión dos gremios**).

Os revolucionarios dividíronse entre **Monárquicos constitucionalistas**, apoiados pola nobreza liberal e a alta burguesía, **os xirondinos**, apoiados pola burguesía media e os **xacobinos**, republicanos radicais, dirixidos por Robespierre e apoiados polas masas populares urbanas ou **sans-culottes** (artesáns ou de París).

O rei está en contra das medidas tomadas pola Asemblea revolucionaria e **conspira contra o goberno pedindo axuda ás potencias europeas** (Austria e Prusia), que en 1792 entran en Francia. **O rei intenta fuxir do país cara a Austria pero é detido preto da fronteira e arrestado.**

### A Primeira República Francesa (1792-1804).

A gravidade dos feitos leva a Asemblea Nacional a convocar eleccións xerais por sufraxio universal masculino, **abolindo a Monarquía e proclamando a República**.

Estableceuse un **gobierno denominado Convención Nacional**, que gobernaba a través de Comités. Os xirondinos (burguesía moderada) controlan inicialmente o poder.

**O rei foi xulgado e condeado a morte por alta traizón, sendo executado na guillotina en xaneiro de 1793** e posteriormente tamén foi executada a súa muller María Antonieta. Estes feitos agravaron a guerra contra as potencias veciñas.

**A partir de 1793 os xacobinos (burguesía radical) controlan o poder a través do Comité de Saúde Pública**, tomando medidas drásticas, proclamando **unha nova Constitución** que **recoñece a soberanía popular o sufraxio universal masculino e unha declaración de dereitos máis radical (igualdade social)**.

Os xacobinos crearon un exército revolucionario que derrotou ás potencias europeas e implantaron **un réxime de terror, dictatorial, dirixido por Robespierre, que perseguiu e mandou executar a todos os calificados de contrarrevolucionarios** (nobres, clérigos). Para satisfacer ás masas populares **subiron os salarios e controlaron os prezos dos produtos básicos (lei de máximo)**, estableceron un novo calendario e **prohibiron o cristianismo**.

A dureza da represión e **a oposición da alta burguesía ás medidas dos xacobinos levaron a caída e a execución de Robespierre en 1794**, volvendo ó poder a burguesía moderada.

En 1795, aprobouse unha **nova Constitución, que devolve ó país a un réxime moderado, baseado nun sufraxio restrinxido e na defensa da propiedade**. O goberno estaba formado por un **Directorio de cinco membros** e había un **Parlamento con dúas Cámaras para evitar a concentración de poder**.

Este goberno mantivo a guerras cos países veciños, nas que destacou o xeneral Napoleón Bonaparte, conquistando novos territorios para Francia (Bélxica, Helvética, territorios da península Itálica). **En 1799, apoiado pola burguesía gobernante Napoleón da un golpe de Estado e faise co poder**, elaborando unha nova Constitución e establecendo un novo goberno presidido por él como primeiro cónsul, o chamado **Consulado (1799-1804)**.

Napoleón consolida as conquistas territoriais en Europa e mantén a lexislación revolucionaria, aínda que chega a un acordo coa Igrexa católica (Concordato de 1801), na que se recoñece o catolicismo como relixión oficial a cambio de que os bens eclesiásticos sigan en mans do Estado.

### **3.- O IMPERIO NAPOLEÓNICO (1804-15).**

**Napoleón concentrou gradualmente todo o poder nas súas mans**, amparado polos éxitos militares e o aumento do seu prestixio social entre os franceses. **En 1804 proclamouse emperador e Francia convertiuse nun Imperio**, desenvolvendo a partir de 1805, guerras contra Inglaterra, Austria, Prusia e Rusia, ós que derrotou grazas a súa habilidade como estratega militar (Austerlitz, Jena), **anexionando novos territorios para Francia nos que colocou como gobernantes ós seus familiares e ós xefes militares** (mapa, pax. 74).

**En 1807, o Imperio francés alcanzou o seu máximo esplendor**, só Inglaterra e Portugal quedaban fora da súa hexemonía.

No mar sufriu derrotas contra Inglaterra (Trafalgar), polo que para derrotala **decretou un bloqueo continental ós produtos que entraban e saían da illa**, pero Portugal aliado inglés non aceptou o bloqueo, por iso Napoleón veuse obrigado a invadilo penetrando en España, o que deu lugar **ó inicio da Guerra da Independencia (1808-14)**, que desgastou as tropas napoleónicas. Aproveitando estes problemas **Rusia abandona a alianza con Napoleón e éste decide a súa invasión en 1812, que resultou un fracaso** polo frío invernal e a falta de abastecementos. **Era o principio do fin do Imperio napoleónico.**

Aproveitando a derrota do exército francés en Rusia **formouse unha gran coalición antinapoleónica (Rusia, Austria, Suecia, Prusia, Inglaterra), que invadiu Francia e obrigou ó emperador a abdicar en 1814** tras varias derrotas militares, restaurándose de novo o Antigo Réxime e sendo abolidas todas as institucións revolucionarias.

Napoleón fuxiu da súa prisión na illa de Elba e intenta refacer o seu Imperio, pero xa é imposible, sendo de novo derrotado en Waterloo (1815) e desterrado a illa de Santa Helena, onde more en 1821.

A expansión napoleónica **contribuiu a difundir por Europa as ideas liberais da Revolución** pero ó mesmo tempo **estimulou os sentimentos nacionalistas dos pobos sometidos.**

### **RESTAURACIÓN ABSOLUTISTA E REVOLUCIÓN LIBERAIS (1815-48).**

**Despois da derrota de Napoleón, o Antigo Réxime foi restaurado en toda Europa**, pero duraría pouco tempo a causa das **diferentes ondas revolucionarias liberais que se producirán nos anos 1820, 1830 e 1848**. Ó mesmo tempo **o mapa europeo vaise modificando co triunfo dalgúns movementos nacionalistas que consiguen crear estados independentes** a pesar da oposición das forzas absolutistas (Imperios multinacionais).

#### **1.- A RESTAURACIÓN ABSOLUTISTA.**

A partir de 1815, os monarcas absolutistas europeos, **reunidos no Congreso de Viena, para evitar novas revolucións liberais en Europa** estableceron uns principios básicos cos que rexir as novas relacións internacionais:

- **Absolutismo e lexitimismo:** retorno dos Borbóns a Francia e volta ó poder absoluto dos monarcas ante a incapacidade da sociedade civil de asumir a soberanía.
- **Equilibrio internacional:** prohibición da existencia dun Estado hexemónico en Europa e establecemento de acordos entre as potencias para evitar guerras entre elas.
- **Intervencionismo:** as grandes potencias deben intervir nos asuntos doutro Estado para defender ó monarca dese Estado contra o perigo revolucionario.

**O chanceler austriaco Metternich, defensor destes principios, propuxo unha nova organización do mapa europeo, baseada en restaurar nos seus reinos ós monarcas destronados por Napoleón**, sen ter en conta os principios liberais nin as aspiracións nacionais dos pobos, **e conter a Francia mediante os chamados Estados-tapón (Piemonte, Suiza e Países Baixos)**, para evitar unha nova ameaza revolucionaria.

O equilibrio entre os países europeos conseguiu-se mediante a **creación dun exército internacional chamado a Santa Alianza**, encargado de garantir o cumprimento dos acordos do Congreso de Viena.

O mantemento de numerosos **Estados ou Imperios de carácter multinacional** (Austria, Rusia e Turquía), **onde se mesturaban diferentes pobos ou se dividía un mesmo pobo en varios países** (polacos, alemáns, italianos ou rumanos), vai a crear enormes tensións no futuro, sobre todo na Europa Oriental e **será a orixe de numerosos procesos de independencia ou de unificación nacionais**.

**No Imperio austro-húngaro convivían ata 11 nacionalidades diferentes** (checos, eslovacos, húngaros, alemáns, serbios, croatas, eslovenos, polacos, italianos, ucraínos).

## 2.- AS REVOLUCIÓNS LIBERAIS DE 1820, 1830 E 1848.

A restauración do absolutismo obrigou ós grupos liberais a **organizar sociedades secretas nos diversos países para tomar o poder mediante revolucións** que acabaran definitivamente co feudalismo e o Antigo Réxime. Así pódense distinguir **tres ondas revolucionarias en Europa arredor dos anos 1820, 1830 e 1848**, cun obxectivo común: **acadar o sistema liberal**, aínda que en algún deses Estados hai tamén **reivindicacións nacionalistas para crear un Estado propio**.

A pesar da reacción absolutista, cara a 1848, **as ondas revolucionarias conseguiron que o absolutismo monárquico desaparecese de Europa Occidental e Central**, establecéndose réximes liberais aínda que bastante conservadores, e nalgún caso como Bélxica ou Grecia foron acompañados de **sublevacións nacionalistas que deron lugar a novos Estados independentes**.

### As Revolucións de 1820.

Destacan as revoltas en España, Norte de Italia, Portugal e Rusia que fracasaron pola intervención da Santa Alianza. **Unicamente triunfou a revolta grega contra o Imperio Turco, conseguindo a independencia tras unha longa guerra entre 1820 e 1830**, grazas ó apoio de Rusia, Francia e Gran Bretaña, desexosas en debilitar ó Imperio Turco.

### As Revolucións de 1830.

O movemento revolucionario exténdese por varios países de Europa, pero onde vai ter máis intensidade e éxito vai ser **en Francia, onde se instaura unha Monarquía Constitucional na persoa de Luis Felipe de Orleans que coa axuda da gran burguesía destronou ós Borbóns** acabando definitivamente co absolutismo monárquico; no centro de Europa, as revoltas son aplastadas.

En España e Portugal, tamén as revoltas e as guerras (carlista), remataron co triunfo liberal. E por último **en Bélxica o triunfo dos revolucionarios levou a proclamación de independencia con respecto a Holanda e a proclamación dunha Monarquía Constitucional**.



### **As Revolucións de 1848.**

Neste caso as revoltas foron protagonizadas **polas clases medias radicais e as masas obreiras urbanas que demandaban melloras sociais** (“primaveira dos pobos”).

En Francia as protestas provocaron **a caída de Luis Felipe e a proclamación da 2ª República**, pero o medo ó radicalismo obreiro levou a burguesía a adoptar posturas moderadas apoiando a Luis Napoleón Bonaparte primeiro como presidente da República e logo como emperador en 1852, **proclamando o 2º Imperio francés (Napoleón III)**.

**Na Europa Central e Oriental únense revoltas liberais e reivindicacións nacionalistas**, sendo o Imperio Austriaco o máis afectado, pero tras os éxitos iniciais dalgúns destes pobos (alemáns, húngaros, italianos), **a falta de apoios e a reacción absolutista das potencias da Santa Alianza (Rusia, Prusia e Austria), que se axudaron mutuamente acabaron en 1850 cos focos liberais**.

**A pesar do seu fracaso estas revoltas acabaron co feudalismo e a servidume en gran parte da Europa Central e Oriental**, aínda que os monarcas conservaran o seu poder absoluto, e algún países adoptaron Constitucións e reformas liberais aínda que moi moderadas, **agudizando a división existente entre os liberais moderados e os liberais radicais apoiados polo proletariado industrial**, poñendo ademais de manifesto a crecente importancia dos nacionalismos.